



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
- 5 DEC. 2016	
N.º ENTRADA 26332	N.º SAIDA

Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

EXPOÑO:

En varias ocasións me teño preocupado pola falta dun plan de estradas provincial serio e con rigor.

Vexo como ano tras ano se acometen pequenas reformas nas estradas provinciais que lonxe de solucionar os problemas acaban xerando inconvintes máis grandes.


Fai aproximadamente dous anos e medio que se procedeu a ampliación dunhas curvas na estrada OU-0307 de Leiro a Berán no lugar de A Agra.

As obras consistiron en ampliar o radio das curvas e colocación de sábrego como firme. Dende aquela data seguen sen ser asfaltadas, co conseguinte risco para a circulación e para a integridade dos veciños. Por todo elo,

SOLICITO:

Que se me informe de cando se vai a proceder ó asfaltado do firme nesas curvas para que se minimize o risco existente para a circulación e a integridade da vida das persoas.

En Ourense, a 5 de decembro de 2016.



-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE